Oferta de ensinanzas 2007 2008

Formación Profesional

Ciclos formativos en réxime ordinario e de adultos en centros sostidos con fondos públicos

# Actividades agrarias

XUNTA DE GALICIA

# CM Traballos forestais e conservación do medio natural

## Ciclo formativo de grao medio

**Perfil profesional** — **Duración**

2.000 horas

**Competencia xeral**

Realizar os traballos propios da actividade forestal e os de vixilancia, mantemento e protección do medio natural, en condicións adecuadas de seguridade e hixiene e conservando o medio produtivo. Manexar e manter en uso a maquinaria e equipos necesarios. Organizar e xestionar unha explotación forestal de tipo familiar.

**Contorno funcional**

Produción de plantas en viveiros. Especies arbóreas e a súa implantación no medio natural ou forestal. Mantemento, conservación e defensa das masas forestais. Aproveitamento dos recursos forestais. Especies cinexéticas e piscícolas do hábitat forestal. Traballos relacionados coa conservación e restauración do medio físico. Traballos relacionados coa xestión de áreas recreativas e de lecer. Traballos de vixilancia do patrimonio natural e sobre os posibles impactos agresores sobre o medio natural. Actividades ambientais.

**Ocupacións e postos de traballo máis relevantes**

Motoserrista/rozador. Maquinista forestal, tractorista. Silvicultor. Repoboador. Viveirista. Descortizador. Resineiro. Bombeiro forestal. Colaborador de espazos cinexéticos e piscifactorías. Axente forestal (espazos naturais, parques naturais, parques nacionais). Axente do medio ambiente. Colaborador en centros de interpretación da natureza, de turismo rural e de educación ambiental. Guía da natureza.

**Módulos do ciclo**

| Módulos | Horas |
|---|---|
| Actividades de uso público en espazos naturais | 90 |
| Agrotecnoloxía | 185 |
| Aproveitamentos cinexéticos e piscícolas | 110 |
| Aproveitamentos forestais | 185 |
| Conservación e defensa das masas forestais | 240 |
| Formación e orientación laboral | 55 |
| Formación en centros de traballo | 380 |
| Horas á disposición do centro | 50 |
| Instalacións agrarias | 110 |
| Mecanización agraria | 215 |
| Organización e xestión dunha explotación agraria familiar | 110 |
| Produción de plantas | 215 |
| Relacións no equipo de traballo | 55 |

**Título que se obtén**

Técnico en traballos forestais e de conservación do medio natural.

**Acceso a outros estudos**

Bacharelatos.

# CM Xardinaría

## Ciclo formativo de grao medio

**Perfil profesional** — **Duración**: 2.000 horas

**Competencia xeral**

Realizar as operacións de implantación, conservación e mellora de xardíns exteriores e de interior, así como a comercialización de material vexetal e de xardinería, en condicións de seguridade e hixiene e conservando o medio natural. Manexar e manter en uso a maquinaria e útiles necesarios. Organizar e xestionar unha pequena empresa de xardinería.

**Contorno funcional**

Implantación, mantemento e conservación de xardíns e parques.

**Ocupacións e postos de traballo máis relevantes**

Capataz de viveiro de planta ornamental. Capataz de mantemento de xardíns de grande ou mediano tamaño. Capataz de mantemento de céspedes en campos deportivos e outras zonas verdes. Autónomo de empresas de xardinería. Autónomo de empresas de florería. Encargado de obras de xardinería en grandes e medianas empresas. Capataz de podas e operacións de cirurxía arbórea. Axente de vendas de viveiros e empresas de xardinería. Colaborador en actividades de educación ambiental.

**Módulos do ciclo**

| Módulos | Horas |
|---|---|
| Agrotecnoloxía | 185 |
| Conservación e mellora de xardíns e zonas verdes | 145 |
| Formación e orientación laboral | 55 |
| Formación en centros de traballo | 380 |
| Horas á disposición do centro | 75 |
| Implantación de xardíns e zonas verdes | 215 |
| Instalacións agrarias | 110 |
| Mecanización agraria | 215 |
| Métodos de control fitosanitario | 130 |
| Organización e xestión dunha explotación agraria familiar | 110 |
| Produción de plantas | 215 |
| Relacións no equipo de traballo | 55 |
| Xardinaría de interiores e arranxos florais | 110 |

**Título que se obtén**

Técnico en xardinería.

**Acceso a outros estudos**

Bacharelatos.

# CM Explotacións agrarias extensivas

## Ciclo formativo de grao medio

### Perfil profesional — Duración

2.000 horas

**Competencia xeral**

Realizar as operacións de produción de cultivos agrícolas extensivos e de produtos gandeiros propios da gandería extensiva, conseguindo a calidade esixida polo mercado, en condicións de seguridade e hixiene e respectando e conservando o medio produtivo. Manexar e manter en uso as instalacións, máquinas, apeiros e equipos necesarios. Organizar e xestionar unha explotación familiar agraria.

**Contorno funcional**

Traballos de campo. Control do manexo e mantemento de uso da maquinaria. Control de pragas e aplicación de fitosanitarios.

**Ocupacións e postos de traballo máis relevantes**

Xefe de explotación agraria. Encargado de explotación de secaño e de regadío. Operador de máquinas e de equipos agrícolas. Tractorista no sector agrario. Maquinista de equipos agrícolas. Pragueiro. Aplicador de fitosanitarios profesional. Xefe de taller rural. Capataz de rega. Xefe de almacén de produtos agrícolas. Xerente de cooperativas de produción, de sociedades agrarias de transformación (SAT) ou outras asociacións de produtores.

**Módulos do ciclo**

| Módulos | Horas |
|---|---|
| Agrotecnoloxía | 185 |
| Cultivos arbóreos e arbustivos | 200 |
| Cultivos herbáceos | 185 |
| Formación e orientación laboral | 55 |
| Formación en centros de traballo | 380 |
| Horas á disposición do centro | 50 |
| Instalacións agrarias | 110 |
| Manexo racional do gando | 165 |
| Mecanización agraria | 215 |
| Métodos de control fitosanitario | 130 |
| Organización e xestión dunha explotación agraria familiar | 110 |
| Produción gandeira ligada á terra | 215 |

**Título que se obtén**

Técnico en explotacións agrarias extensivas.

**Acceso a outros estudos**

Bacharelatos.

# CM Explotacións agrícolas intensivas

## Ciclo formativo de grao medio

| Perfil profesional | Duración |
|---|---|
| | 2.000 horas |

**Competencia xeral**

Realizar as operacións de produción de cultivos agrícolas intensivos conseguindo baixos custos de produción e a calidade requirida nos produtos, en condicións de seguridade e hixiene e conservando o medio natural. Manexar e manter en uso as instalacións, máquinas, equipos e apeiros necesarios. Organizar e xestionar unha explotación agrícola intensiva.

**Contorno funcional**

Traballos de campo. Control da maquinaria. Control de pragas. Aplicación de fitosanitarios.

**Ocupacións e postos de traballo máis relevantes**

Xefe de explotación agraria. Encargado de explotación de secaño e de regadío. Maquinista de equipos agrícolas. Pragueiro. Aplicador profesional. Horticultor. Fruticultor. Produtor de cogomelos. Viveirista. Floricultor. Xefe de taller rural. Capataz de rega. Xefe de almacén de produtos agrícolas. Xerente de cooperativas de produción, sociedades agrarias de transformación ou outras asociacións de produtores.

**Módulos do ciclo**

| Módulos | Horas |
|---|---|
| Agrotecnoloxía | 185 |
| Cultivos frutícolas | 280 |
| Cultivos hortícolas | 240 |
| Formación e orientación laboral | 55 |
| Formación en centros de traballo | 380 |
| Horas á disposición do centro | 80 |
| Instalacións agrarias | 110 |
| Mecanización agraria | 215 |
| Métodos de control fitosanitario | 130 |
| Organización e xestión dunha explotación agraria familiar | 110 |
| Produción de plantas | 215 |

**Título que se obtén**

Técnico en explotacións agrícolas intensivas.

**Acceso a outros estudos**

Bacharelatos.

# CM Explotacións gandeiras

## Ciclo formativo de grao medio

**Perfil profesional** — **Duración**

2.000 horas

**Competencia xeral**

Realizar operacións de alimentación, manexo, hixiene e sanidade dos animais destinados á obtención de produtos gandeiros ou de animais de compañía e experimentación, conseguindo a calidade esixida polo mercado, en condicións de seguridade e hixiene, e respectando e conservando o medio produtivo. Manexar e manter en uso as instalacións, máquinas, equipos e materiais necesarios. Organizar e xestionar unha explotación gandeira.

**Contorno funcional**

Manexo de animais, alimentación de animais, procesos reprodutivos dos animais, aplicación de medidas e produtos sanitarios, control de maquinarias e instalacións gandeiras, control do pastoreo. Por outra parte pode dirixir ou integrarse en empresas de servizos gandeiros, actuando así mesmo como operador de grandes equipos ou como encargado de taller de mantemento e reparación das máquinas utilizadas en explotacións gandeiras.

**Ocupacións e postos de traballo máis relevantes**

Gandeiro de vacún para leite, gandeiro de vacún para carne, gandeiro de ovino, gandeiro de caprino, porcicultor, criador de cabalos, domador de cabalos, ferrador, avicultor, cunicultor, traballador de consultas clínicas veterinarias, traballador cualificado en salas de incubación, traballador cualificado en animais de experimentación, encargado de explotación gandeira, inseminador, recepcionista en consultas clínicas veterinarias, traballador cualificado en animais de compañía.

**Módulos do ciclo**

| Módulos | Horas |
|---|---|
| Agrotecnoloxía | 185 |
| Coidados básicos, doma e adestramento do cabalo e outros animais | 160 |
| Coidados ós animais de compañía | 110 |
| Coidados ós animais de experimentación e outros pequenos animais | 90 |
| Formación e orientación laboral | 55 |
| Formación en centros de traballo | 380 |
| Horas á disposición do centro | 75 |
| Instalacións agrarias | 110 |
| Manexo racional do gando | 165 |
| Mecanización agraria | 215 |
| Organización e xestión dunha explotación agraria familiar | 110 |
| Produción gandeira intensiva | 345 |

**Título que se obtén**

Técnico en explotacións gandeiras.

**Acceso a outros estudos**

Bacharelatos.

# CS Xestión e organización de empresas agropecuarias

## Ciclo formativo de grao superior

**Perfil profesional** — **Duración**: 2.000 horas

**Competencia xeral**

Xestionar unha empresa agropecuaria, programando e organizando os recursos materiais e humanos dispoñibles e os traballos necesarios para alcanzar os obxectivos dunha produción economicamente rendible e de calidade e protección do medio natural.

**Contorno funcional**

Realizar traballos á fronte de explotacións agrarias de medianas dimensións, actuar como encargado responsable de explotacións agropecuarias de traballo grande, dirixir empresas de servizos a terceiros e centros cooperativos, integrarse en empresas de servizos de mecanización, actuando como encargado de taller de mantemento e reparación das máquinas utilizadas en explotacións agrarias. Igualmente, pode integrarse en explotacións de grandes dimensións e en cooperativas realizando tarefas ligadas a: traballos de campo, control e mantemento da maquinaria e equipos, alimentación, selección e reprodución gandeira, organización e xestión de explotacións, control de pragas e aplicación de fitosanitarios, técnicas de comercialización, etc.

**Ocupacións e postos de traballo máis relevantes**

Xerente de explotación agraria, propietario de explotación agraria, encargado de máquinas e de equipos agrícolas, encargado do control de inseminación artificial, aplicador profesional, xefe de taller rural, capataz de rega, xefe de almacén de produtos agrícolas, xerente de cooperativas de produción de sociedades agrarias de transformación (SAT) e outras asociacións de produtores, encargado de control do medio natural.

**Módulos do ciclo**

| Módulos | Horas |
|---|---|
| Fitopatoloxía | 185 |
| Formación e orientación laboral | 55 |
| Formación en centros de traballo | 380 |
| Horas á disposición do centro | 80 |
| Mecanización e instalacións nunha empresa agraria | 240 |
| Organización e xestión dunha empresa agraria | 90 |
| Produción agrícola | 345 |
| Produción gandeira | 310 |
| Proxecto integrado | 75 |
| Relacións no contorno de traballo | 55 |
| Xestión e organización da produción de plantas | 185 |

**Título que se obtén**

Técnico superior en xestión e organización de empresas agropecuarias.

**Acceso a outros estudos**

Diplomado en ciencias empresariais; Enxeñeiro técnico agrícola; Enxeñeiro técnico de obras públicas; Enxeñeiro técnico en topografía; Enxeñeiro técnico forestal; Enxeñeiro técnico industrial; Licenciado en biotecnoloxía; Licenciado en veterinaria.

# CS Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos

## Ciclo formativo de grao superior

Perfil profesional | Duración

2.000 horas

**Competencia xeral**

Xestionar os recursos naturais e paisaxísticos, programando e organizando os recursos humanos e materiais e os traballos necesarios para lograr os obxectivos de produción e de protección do medio natural.

**Contorno funcional**

Produción de plantas en viveiros. A súa implantación no medio forestal. Mantemento dos recursos presentes no monte para a súa mellora e racional aproveitamento posterior. Xestión de áreas recreativas e de lecer. Vixilancia do patrimonio.

**Ocupacións e postos de traballo máis relevantes**

Encargado de explotacións forestais ou espazos naturais. Xestor cinexético. Viveirista. Silvicultor. Axente de medio ambiente. Guía da natureza. Colaborador de centros de interpretación da natureza. Encargado de prevención e extinción de incendios forestais. Técnico en fotografía e traballos alsodasométricos. Encargado de tratamentos fitosanitarios en forestais e xardíns. Encargado en maquinaria forestal. Encargado en piscifactorias. Consultor de empresas de traballos forestais e aproveitamentos de recursos forestais. Colaborador en gabinetes de educación ambiental. Colaborador en empresas de impacto ambiental. Colaborador en laboratorios de investigación e control. Colaborador en tarefas educativas en aulas da natureza e centros de interpretación. Deseño e mantemento de xardíns. Responsable de viveiros de plantas ornamentais. Deseño e desenvolvemento de proxectos de restauración de xardíns. Deseño de campos de golf. Organización do mantemento de campos de golf e de áreas recreativas urbanas e periurbanas. Autónomo en empresas de xardinería e/ou florería. Deseño de interiores. Responsable de obras de xardinería a pé de obra.

**Módulos do ciclo**

| Módulos | Horas |
|---|---|
| Formación e orientación laboral | 55 |
| Formación en centros de traballo | 380 |
| Horas á disposición do centro | 80 |
| Instalación e mantemento de xardíns e restauración da paisaxe | 265 |
| Mecanización e instalacións nunha empresa agraria | 240 |
| Organización e xestión dunha empresa agraria | 90 |
| Protección das masas forestais | 105 |
| Proxecto integrado | 75 |
| Relacións no contorno de traballo | 55 |
| Xestión do uso público do medio natural | 90 |
| Xestión dos aproveitamentos cinexéticos e piscícolas | 110 |
| Xestión dos aproveitamentos forestais | 135 |
| Xestión e organización da produción de plantas | 185 |
| Xestión silvícola | 135 |

**Título que se obtén**

Técnico superior en xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos.

**Acceso a outros estudos**

Diplomado en ciencias empresariais; Enxeñeiro técnico agrícola; Enxeñeiro técnico de obras públicas; Enxeñeiro técnico en topografía; Enxeñeiro técnico forestal; Enxeñeiro técnico industrial; Licenciado en biotecnoloxía; Licenciado en ciencias ambientais.

# Implantación

| Réxime | Código | Ciclo formativo |
|---|---|---|
| Oferta modular | ZM01004 | CM Explotacións agrícolas intensivas |
| | ZM01002 | CM Xardinaría |
| | ZM01001 | CM Traballos forestais e conservación do medio natural |
| | CS01002 | CS Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos |
| | CS01001 | CS Xestión e organización de empresas agropecuarias |
| | CM01005 | CM Explotacións gandeiras |
| | CM01004 | CM Explotacións agrícolas intensivas |
| | CM01003 | CM Explotacións agrarias extensivas |
| | CM01002 | CM Xardinaría |
| | CM01001 | CM Traballos forestais e conservación do medio natural |

| Concello | Código | Centro | CM01001 | CM01002 | CM01003 | CM01004 | CM01005 | CS01001 | CS01002 | ZM01001 | ZM01002 | ZM01004 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **A Coruña** | | | | | | | | | | | | |
| Arzúa | 15027733 | IES de Arzúa | ■ | | | | | | ■ | | | |
| Bergondo | 15001033 | CFEA de Guísamo | | ■ | | ■ | | | | | ■ | ■ |
| Boqueixón | 15013254 | CFEA de Sergude | ■ | | ■ | | | ■ | | | | |
| Coristanco | 15021974 | EFAG Fonteboa | | | ■ | | | | | | | |
| **Lugo** | | | | | | | | | | | | |
| Becerreá | 27000617 | CFEA Alta Montaña | ■ | | | | | | ■ | | | |
| Castro de Rei | 27015891 | IES da Terra Chá, José Trapero Pardo | | | ■ | | | | ■ | | | |
| Mondoñedo | 27006966 | IES San Rosendo | | | | | | | ■ | ■ | | |
| Monforte de Lemos | 27007260 | CFEA de Monforte de Lemos | | ■ | ■ | | ■ | | | | | |
| Ribadeo | 27010921 | CFEA Pedro Murias | | | ■ | | ■ | | | | | |
| **Ourense** | | | | | | | | | | | | |
| Xinzo de Limia | 32014801 | IES Cidade de Antioquía | ■ | | | | | | ■ | | | |
| **Pontevedra** | | | | | | | | | | | | |
| Pontevedra | 36020192 | CFEA de Lourizán | ■ | | | | | | ■ | | | |
| Ponteareas | 36007552 | CIFP A Granxa | | ■ | | ■ | | | ■ | | | |
| Tomiño | 36019751 | IES de Tomiño | ■ | | | | | | | | | |

# Información

| Concello | Código | Centro | Teléfono | Fax |
|---|---|---|---|---|
| **A Coruña** | | | | |
| Arzúa | 15027733 | IES de Arzúa | 981500527 | 981500615 |
| Bergondo | 15001033 | CFEA de Guísamo | 881881057 | 881881044 |
| Boqueixón | 15013254 | CFEA de Sergude | 981511815 | 981511815 |
| Coristanco | 15021974 | EFAG Fonteboa | 981733051 | 981733555 |
| **Lugo** | | | | |
| Becerreá | 27000617 | CFEA Alta Montaña | 982161203 | 982161203 |
| Castro de Rei | 27015891 | IES da Terra Chá, José Trapero Pardo | 982310308 | 982310308 |
| Mondoñedo | 27006966 | IES San Rosendo | 982521034 | 982507444 |
| Monforte de Lemos | 27007260 | CFEA de Monforte de Lemos | 982400665 | 982404308 |
| Ribadeo | 27010921 | CFEA Pedro Murias | 982131017 | 982131019 |
| **Ourense** | | | | |
| Xinzo de Limia | 32014801 | IES Cidade de Antioquía | 988460519 | 988550677 |
| **Pontevedra** | | | | |
| Ponteareas | 36007552 | CIFP A Granxa | 986640068 | 986660940 |
| Pontevedra | 36020192 | CFEA de Lourizán | 986805088 | 986805086 |
| Tomiño | 36019751 | IES de Tomiño | 986623346 | 986623345 |



# Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

## Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno. 981544400. Fax 981545443. http://www.edu.xunta.es/fp

### Servizo de Formación en Empresas e Orientación Profesional

Tfno. 981546536. Fax 981546551

Máis información en www.edu.xunta.es/fp

## Delegacións Provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria




**A Coruña**

Praza Luís Seoane s/n. 15008 A Coruña
Tfno. 981184700. Fax 981184785

**Lugo**

Ronda da Muralla, 70. 27071 Lugo
Tfno. 982294150. Fax 982294152

**Ourense**

Rúa do Concello, 11. 32003 Ourense
Tfno. 988210420. Fax 988210867

**Pontevedra**

Avda. Montero Ríos, s/n. 36001 Pontevedra
Tfno. 986805938. Fax 986805937

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social
Europeo